

bb boletín de bienestar

FAMILIA

INCLUSIÓN SOCIAL

MAIORES E PERSOAS
CON DEPENDENCIA

XUVENTUDE E
VOLUNTARIADO

ACTUALIDADE

- Editorial
- Feijóo anuncia o reforzo e axilización dos procesos de valoración da discapacidade co obxectivo de reducir a lista de espera
- A Xunta anuncia que os 14 novos equipos de valoración da discapacidade comprometidos hai un mes xa están operativos
- Feijóo apela ao traballo conxunto entre administracións e axentes sociais para seguir construíndo unha Galicia para todos desde a visibilidade, a accesibilidade e a acción positiva
- A Xunta de Galicia incorpora a primeira promoción de empregados públicos con discapacidade intelectual
- A Xunta de Galicia reconece o labor dos profesionais sanitarios e sociais como pilar básico do bienestar das persoas maiores
- A Xunta amplía a oferta de ocio, saúde e tempo libre dirixida ás persoas maiores cun novo programa de bienestar a través da talasoterapia
- A Xunta recibe o autobús da Rede europea de rendas mínimas que busca mellorar os sistemas de ingresos mínimos existentes
- A Xunta coordina coa Fegamp o ofrecemento de Galicia para a acollida de migrantes do Aquarius
- Feijóo avanza a nova convocatoria do Bono Concilia destinado ás familias que non obtiveron praza pública en escolas infantís
- A Xunta garante ás familias máis recursos de conciliación que nunca co incremento da oferta de prazas en escolas infantís
- A Xunta prepara unha nova convocatoria de axudas para a posta en marcha de 15 novas casas niño nos concellos rurais
- A Xunta destaca a importancia das familias numerosas para avanzar na revitalización da poboación
- A Xunta facilita a proximidade dos pais e nais aos seus fillos a través da construción de escolas infantís en polígonos industriais
- A Xunta defende o impulso de políticas de xuventude que aposten pola educación non formal, a participación, o emprego e a iniciativa emprendedora
- A Xunta fomenta a mobilidade de mocidade a través do programa Galeuropa como vía para mellorar as súas competencias e empregabilidade
- A Xunta reúne con voluntarios europeos que están a desenvolver proxectos de inclusión e discapacidade en Vigo
- Días internacionais.

ESTATÍSTICAS

- Enquisa conxuntural a fogares. IGE
- Risco de pobreza e/ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Indicador AROPE

ALERTAS

- Alertas bibliográficas.
- Institucións
- Redes sociais: blogs.
- Congresos, xornadas e cursos.
- Catálogo de publicacións na web.
- Normativa.



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2017

NORMATIVA

Normativa DOG

Normativa CCAA

Normativa BOE

Normativa UE

PUBLICACIONES

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Memoria 2016

Parte da información é tomada do Portal Xunta.gal, susceptible de reutilización.



© Xunta de Galicia. 2018. BdB. Boletín de
Bienestar, 2018

Edita:
Consellería de Política Social, Secretaría Xeral Técnica, Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa, Sección de Publicacións e Estatísticas

<https://libreria.xunta.gal/gl/bdb-boletin-de-bienestar-boletin-informativo-de-politica-social-no-14-maio-xuño-2018>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución. Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Coordinación: Pepa Dabán Royo.
Maquetación: Antonio Lameiro Ces.
ISSN: 2445-1932

Editorial

Na actualidade son cada vez máis as mulleres e os homes que na súa vida diaria tratan de poñer en práctica outro modo de vivir no que o benestar e o coidado das persoas son unha prioridade e non un problema. Esta nova dimensión supón un avance na forma clásica de entender a conciliación desde esa tripla dimensión (social, individual e laboral). Desde esta perspectiva, a Consellería de Política Social é quen de incorporar esta nova acepción a través de actuacións dirixidas

a homes e mulleres que consideran a corresponsabilidade como unha forma de avance social que prioriza acadar unha sociedade cada vez máis equitativa. A ampliación do Bono Concilia, o aumento de número de prazas en escolas infantís, os desenvolvemento de programas de ocio para cuidadores e dependentes, Xantar na Casa... son medidas nos que as políticas de tempo aplicadas á conciliación nos favorecen e nos axudan a conseguir un futuro mellor.



Feijóo anuncia o reforzo e axilización dos procesos de valoración da discapacidade co obxectivo de reducir a lista de espera

- ▶ Asegura que se porá en marcha unha batería de medidas para mellorar os prazos nalgúns unidades de valoración, simplificar os trámites e reducir a burocracia
- ▶ Subliña que o orzamento para a discapacidade se incrementa por quinto ano consecutivo ata chegar aos 102,8 millóns de euros, un 8,7% máis que en 2017
- ▶ O conselleiro de Política Social precisa que haberá un 74% máis de efectivos nos equipos de valoración: 6 na sección de Ponte-

vedra, 4 na de Vigo e un equipo novo na Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense, respectivamente

- ▶ Mellorarase a xestión de citas, recoñecerase automaticamente o grao de discapacidade do 33% ás persoas ás que a Seguridade Social lle teña recoñecida incapacidade permanente, simplifícase o procedemento e axilízase a valoración para persoas con ELA

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2018.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, anunciou na rolda de prensa do Consello o reforzo e axilización dos procesos de valoración da discapacidade co obxectivo de reducir a lista de espera.

Durante a súa intervención, Feijóo explicou que con este fin o Goberno galego porá en marcha

unha batería de medidas para mellorar especialmente os prazos nalgúns unidades de valoración, tal e como así o fai constar a Valedora do Pobo; simplificar os trámites e reducir a burocracia; e intensificar o traballo que se realiza neste eido.

“Estamos a falar, en definitiva, de reforzar os equipos, a partir de agora haberá un 74% máis de efectivos; de apostar

polo recoñecemento automático cando a Seguridade Social xa teña recoñecida a incapacidade permanente; de aproveitar as posibilidades que dan as tecnoloxías para mellorar o proceso de citas, e de apoiarnos na Historia Social Única”, precisou.

O responsable do Goberno galego aseverou que a Xunta seguirá traballando comprometida nesta materia, como proba o feito

de que, por quinto ano consecutivo, se incrementase o presuposto destinado á discapacidade, que en 2018 chega aos 102,8 millóns de euros, un 8,7% máis que en 2017.

Estes recursos son precisos para, por exemplo, que os nenos que requiren de apoio no servizo de transporte ou comedor escolar o teñan; para que as entidades que traballan con este colectivo

dispoñan de máis axudas; para o uso do transporte programado non urxente; para os servizos de promoción da autonomía persoal; ou para seguir ampliando a rede de prazas públicas que, desde 2009, se incrementou en máis de 600 as prazas destinadas a este colectivo, o que supón un incremento de preto dun 14%.

Pola súa banda, o conselleiro de Política Social, Jose Manuel Rey Varela, sinalou que "a atención ás persoas con discapacidade é un obxectivo prioritario para a Xunta de Galicia no cal se seguirá avanzando coa aplicación desta batería de medidas que

estarán operativas a partir mes de xuño". Ao respecto destas, apuntou que o obxectivo é dobre: corraxir os atrasos nas valoracións e reducir a excesiva burocracia.

En concreto, anunciouse a posta en marcha de 14 novos equipos de valoración, que se distribúen deste xeito: 6 na sección de Pontevedra, 4 na de Vigo e un equipo novo en cada unha destas cidades: A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense. Esta medida traerá consigo a incorporación de 51 novos profesionais por un tempo de 6 meses, o que supón un investimento aproximado de 1.080.000 euros. Así mesmo,

mellorase a xestión de citas, recoñecerase automaticamente un grao de discapacidade do 33% a aquelas persoas ás que a Seguridade Social lles teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente, simplificarase o procedemento e o modelo de solicitude e axilizarase a tramitación de valoración da discapacidade para persoas con ELA.

Rey Varela expuxo que "non imos mirar para outro lado cando se trata de prestar apoio a persoas que precisan dun plus de atención por parte da Administración", e indicou que coa ampliación dos equipos se absorberá o

aumento de solicitudes de valoración que se teñen rexistrado, con especial incidencia nas seccións de Pontevedra e Vigo, e ademais diminuírase o tempo de resposta para achegarse nos vindeiros meses ao que fixa a normativa que é de 3 meses

Por último, o conselleiro incidiu no esforzo en investimento social dos últimos anos, o que se pon de manifesto en que desde o ano 2009 o presuposto da Xunta destinado a atención a persoas con discapacidade se incrementase nun 36% ata acadar no presente exercicio case os 103 millóns de euros.

A Xunta anuncia que os 14 novos equipos de valoración da discapacidade comprometidos hai un mes xa están operativos

- ▶ **O obxectivo dos 51 profesionais que os conforman é reducir ao máximo os tempos de resposta nas solicitudes de discapacidade**
- ▶ **A administración autonómica inviste máis dun millón de euros para a contratación deste novo persoal**
- ▶ **Outras das medidas para reducir a agarda que se están xa a impulsar son a Historia Social Única Electrónica e o servizo de confirmación de cita a través de SMS**

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018.-O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, anunciou, durante a súa intervención no Parlamento de Galicia, que o persoal dos 14 novos equipos de valoración do grao de discapacidade para Pontevedra, Vigo, A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense, comezan a traballar nos seus respectivos destinos logo do pertinente proceso formativo e co obxectivo de reducir ao máximo os tempos de resposta nas solicitudes de valoración da discapacidade.

Na actualidade, existen 19 equipos definidos compostos por un/unha médico/a, un/unha psicólogo/a e un/unha traballador/a social. A esta rede súmanse agora estes 14 novos equipos que supuxeron a contratación de 16 médicos/as, 15

psicólogos/as, 14 traballadores/as sociais e 6 auxiliares, o que fan un total de 51 novos profesionais. Ademais, completáronse os equipos de Vigo e Santiago e mantense un equipo en Pontevedra. En total, a Administración autonómica realizará un investimento superior ao millón de euros para este reforzo.

O conselleiro tamén informou de que, para dotar os equipos de valoración dun contorno axeitado para desenvolver o seu labor, se adecuou un espazo en Vigo, para o cal se realizou un investimento de 13.000 euros, mentres que en Pontevedra se investiron 12.000 euros.

Dentro do conxunto de medidas que se están a instaurar para reducir os tempos de espera, ademais da creación de novos equipos, impulsárase a Historia

Social Única Electrónica de tal xeito que o persoal dos equipos de valoración e orientación teñan acceso ao historial clínico dos solicitantes. Deste xeito, simplifícase o procedemento, evitando que os galegos e galegas teñan que achegar documentación á que se pode acceder de xeito dixital (sempre e cando o solicitante o autorice) e se reduciu o cuestionario de catro páxinas a unha de xeito que resulte máis doado e rápido cubrilo.

Rey Varela anunciou tamén a posta en marcha dun servizo de confirmación e recordatorio de citas a través de SMS para evitar a non asistencia ás citas de valoración programadas e que estará operativo nos vindeiros días.

Outra das medidas concretas que se levarán a cabo será a consideración de facto de persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% aquelas ás que a Seguridade Social teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha

pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente. En definitiva, todas elas, accións destinadas a acelerar ao máximo os tempos de resposta e simplificar os trámites como vía para mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas que presentan algún tipo de discapacidade.

Cómpre destacar que neste 2018, a Consellería de Política Social incrementou nun 10% os recursos económicos destinados a maiores e persoas con discapacidade, acadando os 414 millóns de euros. Un reforzo orzamentario que está a permitir afrontar a creación destes novos equipos de valoración, incrementar nun 5% os convenios de colaboración coas entidades que traballan neste ámbito, ampliar e estender os servizos da Rede galega de atención temperá ou consolidar a rede de prazas de atención sustentadas con fondos públicos entre outras medidas.

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/reconecemento-do-grao-discapacidade>

Actualidade

Feijóo apela ao traballo conxunto entre administracións e axentes sociais para seguir construíndo unha Galicia para todos desde a visibilidade, a accesibilidade e a acción positiva

- ▶ O titular do Goberno galego presidiu a inauguración da exposición **Capacítate: unha mostra a prol dunha Galicia inclusiva e igualitaria organizada pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, FAXPG**
- ▶ Asevera que a Xunta está a destinar neste 2018 máis de 100 millóns á atención das persoas con discapacidade, o que permite, por exemplo, seguir incrementando a partida destinada aos convenios coas federacións de discapacidade



Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.-O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, apelou hoxe ao traballo conxunto entre administracións e axentes sociais para seguir construíndo unha Galicia para todos apostando pola visibilidade, a accesibilidade e a acción positiva.

Durante a inauguración da exposición **Capacítate: unha mostra a prol dunha Galicia inclusiva e igualitaria organizada pola FAXPG**, Feijóo aseverou que con este obxectivo a Xunta está a destinar neste 2018 máis de 100 millóns de euros á atención das persoas con discapacidade, o que permite, por exemplo,

seguir incrementando a partida destinada aos convenios coas federacións de discapacidade; crear novas prazas de atención á discapacidade; incrementar, como xa se fixo, un 60% a orde de axudas a entidades de ámbito municipal para dotar os seus equipamentos de melloras en accesibilidade e á supresión de barreiras arquitectónicas; e ampliar os servizos da Rede Galega de Atención Temperá.

“Sen vós non é posible acordar, deseñar proxectos, contidos nin programas”, dixo, en relación á FAXPG, lembrando que esa colaboración permitiu avanzar en moitos eidos, como o desenvolvemento do servizo de

atención psicolóxica e logopédica para familias e menores xordos implantados ou con prótese auditiva; ou a posta en marcha de dous programas formativos dos que se beneficiaron xa máis de 60 persoas.

Así mesmo, recordou que Galicia conta con dous representantes no grupo de traballo para o desenvolvemento da lei estatal de lingua de signos e medios de apoio á comunicación oral; e o convenio co CERMI, que o

pasado ano subiu un 5% máis.

No Día Nacional das Linguaxes de Signos Españolas, Feijóo quixo destacar o traballo desta exposición para, a través das imaxes, dar a coñecer as distintas realidades e, sobre todo, mostrar o que está por facer. E concluíu resaltando o labor da Federación de Asociacións de Xordos de Galicia que, tras case corenta anos de traxectoria, se converteu na voz das asociacións que hai nas sete cidades galegas

A Xunta de Galicia incorpora a primeira promoción de empregados públicos con discapacidade intelectual

- ▶ **Toma posesión en Ourense do seu posto de traballo como ordenanza unha das cinco persoas que superaron as primeiras oposicións da historia da Administración autonómica reservadas para este colectivo**

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.- O secretario xeral da Consellería de Política Social, Francisco Javier Abad Pardo, presidiu hoxe a toma de posesión do persoal laboral con discapacidade intelectual adscrito a esta área da Xunta de Galicia que superou a primeira convocatoria de emprego público da Administración autonómica

para este colectivo. O acto, que se desenvolveu na sala de xuntas da Xefatura Territorial de Ourense, contou tamén coa presenza da delegada do Executivo galego para esta provincia, Marisol Díaz Mouteira.

A persoa que hoxe tomou posesión da súa praza como persoal laboral fixo, tras superar a oposición e unha vez que xa foi

publicado o seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia (DOG), exercerá funcións de ordenanza. Estas probas foron as primeiras da historia da Xunta que foron reservadas en exclusiva para persoas con discapacidade intelectual, co obxectivo de facilitar a inserción laboral e a formación deste colectivo na Administración galega. En total, son cinco as persoas que superaron os exames e que desenvolverán funcións de ordenanza.

A Xunta xa convocou o pasado mes de abril as segundas oposicións reservadas

exclusivamente a persoas con discapacidade intelectual que se realizarán na historia da Administración autonómica, con 24 prazas de emprego público. As persoas que superen este proceso selectivo pasarán a ser funcionarios da Xunta e traballarán como persoal subalterno.

Tanto a primeira como a segunda convocatoria foron programadas en colaboración coa Federación Galega de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (Fademga) e Down Galicia

A Xunta amplía a oferta de ocio, saúde e tempo libre dirixida ás persoas maiores cun novo programa de benestar a través da talasoterapia

- ▶ **A Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade oferta 210 prazas en tres talasos de Galicia con estadias de 6 días e 5 noites**
- ▶ **As persoas maiores de 60 anos ou maiores de 55 e que teñan a condición de pensionistas teñen de prazo desde mañá ata o vindeiro 31 de xullo para presentar as solicitudes**
- ▶ **Esta iniciativa completa o programa Benestar en balnearios, no que se ofertan outras 679 prazas.**

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018.- A Consellería de Política Social amplía a oferta de ocio, tempo libre e envellecemento activo e saudable dirixido ás persoas maiores coa posta en marcha dun novo programa de benestar a través da talasoterapia. A finalidade desta innovadora proposta impulsada pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade é facilitar ás persoas maiores o acceso a establecementos de Galicia que oferten esta método de terapia que se basea no uso de diferentes elementos mariños como auga de mar, barro, algas etc., para a prevención e tratamento de doenzas.

A través deste programa, a Xunta oferta un total de 210 prazas con estadias de 6 días e 5 noites en tres establecementos, dous deles situados na provincia

de Pontevedra: o Hotel Talaxo Louxo, na Illa da Toxa, e Talaso Atlántico, no municipio de Oia; e o outro é o Thalasso Cantábrico, emprazado na localidade lucense de Viveiro. Cada un destes negocios pon á disposición deste programa 70 prazas en diferentes quendas, sendo a primeira do 7 ao 12 de outubro e a última do 9 ao 14 de decembro. A Administración autonómica financia o 30% do custo de cada praza que para as persoas solicitantes ten un prezo de 201 euros.

As solicitudes poderán presentarse ata o día 31 do vindeiro mes de xullo, podendo solicitar un máximo de tres quendas por solicitante por orde de prioridade. Para a valoración das solicitudes daráselle preferencia ás persoas con menos ingresos e de máis idade.

Algún dos requisitos para inscribirse son ter máis de 60 anos ou de 55, e neste caso, reunir a condición de pensionista e valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria, entre outros. Así mesmo, a persoa solicitante poderá ir acompañada. O modelo de instancia que se debe cursar así como toda a información ao respecto deste programa está dispoñible no portal web da Consellería de Política Social.

A iniciativa Benestar a través da talasoterapia ven completar o programa Benestar en balnearios que tamén organiza a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade ofertando outras 679 prazas en distintos balnearios da xeografía galega. A edición deste ano comezou o pasado mes de maio cunha quenda no Balneario de Augas Santas situado no municipio de Pantón, pertencente á provincia de Lugo.

http://edicionpoliticasocial.xunta.gal/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/TALASO_DIPTICO_GAL.pdf



A Xunta de Galicia reconece o labor dos profesionais sanitarios e sociais como piar básico do benestar das persoas maiores

- ▶ **O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, mantivo unha reunión con representantes da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria**

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, mantivo unha reunión no seu despacho de San Caetano con representantes da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria. Esta entidade aglutina

a máis de 400 profesionais de múltiples disciplinas que traballan con maiores e teñen como claves fundamentais a asistencia universal e integral, a intervención interdisciplinar e mellorar a calidade de vida da persoa e da súa contorna familiar.

Durante o encontro, Rey Varela reconeceu o labor dos profesionais relacionados coa atención, tanto médica como social, das persoas de idade avanzada, posto que son unha peza fundamental para garantir o benestar dos maiores cos que traballan cada día e, polo tanto, son os que mellor coñecen as súas necesidades e ofrecen unha diagnose axustada da situación destes.

No transcurso da reunión o conselleiro trasladou que a Xunta colaborará un ano máis na celebración do Congreso internacional de xeriatria e xerontoloxía, que cumpre a súa trixésima edición e que terá lugar os vindeiros días 1 e 2 de xuño na sede Afundación de Vigo baixo o título de Lonxevidade. Análise e propostas para unha sociedade de futuro.

Actualidade

A Xunta recibe o autobús da Rede europea de rendas mínimas que busca mellorar os sistemas de ingresos mínimos existentes

- ▶ **O vehículo está a percorrer diferentes países co obxectivo de lograr que estas axudas sexan adecuadas, accesibles e que promovan a participación da poboación**

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2018.- A directora xeral de Xuventude, PO directora xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, recibiu o autobús informativo da Rede europea de rendas mínimas (EMIN), que percorrerá os países da Unión Europea ata finais de xuño realizando actividades de información, sensibilización e incidencia en múltiples cidades baixo o lema "Ninguén merece menos. Todas nos beneficiamos". EAPN Galicia participa nesta rede coordinada por EAPN Europa e que conta con financiamento europeo.

O obxectivo é lograr que os sistemas de rendas mínimas sexan adecuados, accesibles e que promovan a participación da poboación e lles faciliten o acceso a servizos de calidade e a emprego

inclusivo. O director xeral destacou que desde a Xunta "compartimos a finalidade deste proxecto, en canto supón avanzar na mellora dos sistemas de ingresos mínimos existentes, incrementando os niveis de cobertura e loitando de forma eficaz en favor da inclusión social das persoas".

Así mesmo, a Administración autonómica comparte a vontade de difundir ante a sociedade a importancia das políticas de inclusión social e, en particular dos sistemas de rendas mínimas, para tratar de erradicar os prexuízos e o descoñecemento que aínda pode existir.

Durante a súa intervención, destacou que Galicia conta coa Renda de inclusión social (Risga), unha prestación pública destinada a garantir recursos

económicos de subsistencia a quen carece deles, así como a conseguir progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral.

O director xeral lembrou que na actualidade, o seu departamento está a tramitar o decreto que desenvolve a Lei de inclusión social de Galicia e que suporá a mellora das contías e da cobertura da Risga. Neste sentido, cómpre destacar que nos últimos tempos tamén se produciron melloras no que respecta aos tempos de tramitación, impulsadas polo reforzo de traballadores

nos servizos sociais comunitarios. Así mesmo, o plano económico tamén recibiu impulso ao incrementarse o orzamento destinado a esta axuda nos últimos anos.

Todas estas melloras e a nova Lei de inclusión social teñen en conta a opinión dos axentes sociais implicados, como EAPN.

En paralelo á estancia do autobús tivo lugar o seminario Cara unha renda mínima garantida, no que participou un técnico da Dirección Xeral de Inclusión Social, e que estivo dirixido a técnicos, profesionais de servizos sociais e persoas perceptoras.

<http://eapn-galicia.com/es/>



A Xunta coordina coa Fegamp o ofrecemento de Galicia para a acollida de migrantes do Aquarius

- ▶ **O Goberno galego informou destas xestións o Concello de Santiago, que onte requiriu da Xunta unha resposta xa artellada desde hai días**
- ▶ **Xa tiveron lugar as primeiras xuntanzas entre as administracións locais e o Goberno autonómico, no que se puxeron á disposición ás vivendas.**

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.- A Xunta de Galicia está a coordinar coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) o ofrecemento da Comunidade Autónoma para a acollida de migrantes chegados a España procedentes do buque Aquarius. Así informou o Goberno galego o Concello de Santiago, que onte requiriu da

Xunta unha coordinación na resposta que xa está artellada desde hai varios días.

A Xunta de Galicia púxose desde o primeiro momento á disposición do Goberno de España para dar resposta ás necesidades de aloxamento e asistencia aos refuxiados e con tal fin xa se celebraron as primeiras reunións de coordinación entre os organismos

da Xunta, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) en representación dos concellos galegos e as entidades sociais que xestionan o Programa de acollida a persoas solicitantes de protección internacional. As reunións foron organizadas pola Consellería de Política Social, á cal corresponde a coordinación da axuda galega.

Nas ditas reunións xa se puxeron de manifesto as necesidades e os medios de que dispoñen tanto a Xunta de Galicia como os concellos que comunicaron á Fegamp a súa oferta de colaboración. A Xunta de Galicia porá a disposición as vivendas

que lle foron demandadas, da mesma maneira que varios concellos ofreceron vivendas da súa propiedade.

Desta maneira, a Xunta buscar dar unha resposta común e coordinada do conxunto de Galicia, empregando con eficacia os recursos postos á disposición por todas as administracións.

A Xunta agradece a colaboración de todos os concellos galegos interesados en participar no realoxo de refuxiados, pero recomenda que o fagan a través da Fegamp para que a axuda sexa eficaz e dea resposta a necesidades reais

Feijóo avanza a nova convocatoria do Bono Concilia destinado ás familias que non obtiveron praza pública en escolas infantís

- **Afirma que o crédito dispoñible para o Bono Concilia poderá incrementarse na medida en que sexa preciso, co fin de atender todas as solicitudes**

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.- O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, avanzou a nova convocatoria do Bono Concilia, destinado a financiar prazas de 0 a 3 anos en escolas infantís. Segundo explicou Feijóo,

o crédito co que contará poderá incrementarse na medida en que sexa preciso, co fin de atender todas as solicitudes e que haxa lista de espera cero para as escolas infantís.

Durante a rolda de prensa do Consello, o titular da Xunta

recordou que o bono se aboará directamente e de xeito mensual ás familias e será compatible con outras axudas destinadas tamén a pagar a escola infantil, sempre que non supere o custo da praza.

Neste senso, indicou que poderán optar ao bono as familias que tivesen un fillo ou filla despois do 31 de decembro de 2015 e terán prioridade aqueles nenos

e nenas que xa recibiran o Bono Concilia o ano pasado, ademais daqueles que xa teñan un irmán ou irmá escolarizado na mesma escola infantil que solicitan. Tamén poderán optar ao bono aquelas familias que obtivesen unha praza pública, pero nas que os dous pais traballan pola tarde ou en quendas rotativas e a praza non lles chega para cubrir o seu horario.

A Xunta de Galicia abre o prazo de solicitude do Bono Concilia ás familias con fillos e fillas menores de tres anos

- **A Consellería de Política Social destina máis de 3,4 millóns de euros a esta axuda, que permite sufragar o custo dunha praza en escolas non financiadas con fondos da administración a aquelas familias que non obtiveran praza pública nunha escola infantil de cero a tres anos ou que residen nun concello onde non hai recursos sostidos con fondos públicos.**

Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2018.- A Xunta de Galicia abre o prazo de presentación de solicitudes para beneficiarse do Bono Concilia, unha axuda económica directa ás familias que permite sufragar o custo dunha praza nunha escola infantil de 0 a 3 anos non sostida con fondos públicos destinada a aquelas que non obtiveran praza financiada pola Administración para os seus fillos ou fillas ou que residan en concellos onde non hai un recurso público deste tipo. O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde que regula a concesión destas axudas, que forman parte das medidas do Programa de apoio á natalidade que está a desenvolver o Goberno galego.

A contía total desta nova convocatoria do Bono Concilia ascende a 3.489.200 euros, aínda que é ampliable no caso de que sexa necesario para atender a todas as solicitudes que se reciban e cumpren cos requisitos. O obxectivo é conseguir, como no actual curso,

que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos a obteñan e que non exista lista de espera. Con carácter xeral, as persoas interesadas poderán pedir esta achega a partir de mañá e ata o día 3 de agosto.

Cómpre lembrar que, do mesmo xeito que o ano pasado, a orde destas axudas para o vindeiro curso 2018-2019 da a posibilidade de conceder o Bono Concilia a nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo que superen a idade máxima regulamentaria e teñan concedida a flexibilización da duración do período de escolarización. Así mesmo, mantense que nos supostos de admisión de solicitudes fóra de prazo se abra a todas as familias nas que se produza un nacemento, acollemento ou adopción do neno ou nena con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

Para ser beneficiarias, as persoas solicitantes deben ter unha

nena ou neno nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2015 e para a obtención da axuda, teñen prioridade aqueles nenos e nenas que xa tiveran concedida a axuda no curso pasado, de xeito que se poida dar continuidade á súa escolarización. Tamén poden optar ao bono aquelas familias nas que as dúas persoas proxenitoras traballan en quenda de tarde ou en quendas rotativas e que con dereito a praza pública, esta non lles resolva as súas demandas de horario.

O Bono Concilia promove o dereito á escolarización de irmáns/ás nun mesmo centro para facilitar a conciliación das familias. Así as solicitudes para nenos e nenas que xa contan cun irmán ou irmá nun centro, terán posibilidade de opción directa ao bono concilia nese centro.

Nesta convocatoria recóllese ademais como novidade para o curso 2018-2019 a prioridade no acceso ao bono das mulleres vítimas de violencia de xénero e o

seu dereito a presentar solicitude fóra do prazo establecido, se residen en concellos onde non existan escolas infantís 0-3 sostidas con fondos públicos e se lles expide a documentación acreditativa desta condición con posterioridade á finalización do dito prazo.

A contía que se percibirá por cada praza de xornada completa oscila entre os 45 euros mensuais para as rendas máis altas e os 250 euros (con comedor) para as rendas máis baixas. Cómpre destacar que o Bono Concilia é compatible con outras axudas que poidan recibir as familias para a mesma finalidade sempre que non supere o custo da praza.

Na anterior convocatoria beneficiáronse desta medida 3.648 familias.

As solicitudes, xunto coa documentación requirida, presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou de xeito presencial

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180703/AnuncioG0425-210618-0001_g1.pdf



DOG

Diario Oficial
de Galicia

A Xunta garante ás familias máis recursos de conciliación que nunca co incremento da oferta de prazas en escolas infantís



O conseillero de Política Social, Jose Manuel Rey Varela, valorou hoxe no Parlamento de Galicia o incremento que se produce ano tras ano no número de prazas de 0 a 3 anos en escolas infantís da Galiña Azul

- ▶ **A través da rede Galiña Azul pónense á disposición dos pais e nais 10.264 prazas de 0 a 3 anos, o dobre que fai nove anos e case un 5% máis con respecto á situación actual**
- ▶ **Entre as principais novidades está a apertura de cinco novos centros en Santiago, Lugo, Ourense, A Estrada e Mos; así como o regreso á actividade da escola infantil de Santa Susana, tamén en Santiago**
- ▶ **Entre o presente curso e o que comezará o vindeiro mes de setembro teranse posto en funcionamento máis de 600 novas prazas**
- ▶ **Todas as familias que finalmente queden en lista de agarda e o teñan solicitado beneficiaranse do Bono Concilia, axuda económica para que poidan elixir o centro que desexen para os seus fillos e fillas.**

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018.- O conseillero de Política Social, Jose Manuel Rey Varela, valorou no Parlamento de Galicia o incremento que se produce ano tras ano no número de prazas de 0 a 3 anos en escolas infantís da Galiña Azul, que arrincarán o vindeiro mes de setembro o novo curso 2018-2019 con 10.264 prazas distribuídas entre os 172 centros de titularidade e xestión pública que conforman esta rede. Esta cifra supón máis do dobre que as prazas existentes hai nove anos e un aumento de case o 5% con respecto a este curso.

Na súa intervención, Rey Varela garantiu que a Xunta continuará co apoio ás familias "poñendo á súa disposición cada vez máis recursos de conciliación,

pois a nosa aspiración é que Galicia sexa o mellor lugar para formar unha familia e, sobre todo, para ser neno ou nena". Ao respecto, lembrou que o incremento da oferta en escolas infantís é unha das medidas que se recollen no Programa de apoio á natalidade (PAN Galicia) que o Executivo autonómico está a desenvolver desde o ano 2015 e co que procura prestar unha atención integral e continuada ás familias galegas en tres grandes eixes de actuación: as axudas económicas, os servizos e a conciliación.

Ademais, o conseillero salientou como unha das principais novidades para o vindeiro curso a entrada en funcionamento de cinco novas escolas da Galiña Azul en Santiago, Lugo, Ourense, A Estrada e Mos; así como o

regreso á actividade da de Santa Susana, tamén en Santiago, unha vez que rematen as obras de mellora que nestes momentos están en execución. Con estas aperturas, a Xunta oferta aos pais e nais 484 prazas de 0 a 3 anos máis que no actual curso e se achega á meta de crear 1000 novas prazas ao longo desta lexislatura. De feito, cando aínda non se chegou á metade da lexislatura, a Xunta cumpriu máis do 60% deste obxectivo con 607 novas prazas postas en servizo nos cursos 2017-2018 e 2018-2019.

Así mesmo, o titular do departamento autonómico de Política Social apuntou que as 10.264 prazas da Galiña Azul complementanse coas prazas sustentadas con fondos públicos en escolas tanto de iniciativa social como privadas, nas de titularidade municipal, nas escolas que dependen do Servizo Galego de Saúde (Sergas) e da Universidade; así como as que se corresponden coas axudas do programa Bono Concilia. Da suma de todos estes recursos sitúa en 24.081 a oferta de prazas públicas ou financiadas con fondos da Xunta para o curso 2018-2019. Deste xeito, Galicia continúa cunha ratio de atención en escolas infantís por riba do 41%, oito puntos superior á medida aconsellada pola Unión Europea.

Bono Concilia

Rey Varela explicou que, ao igual que aconteceu no presente curso, todas as familias que finalmente queden en lista de agarda e o teñan solicitado se beneficiarán do Bono Concilia, axuda económica para que poidan elixir o centro que desexen para os seus fillos. Na actualidade, aproximadamente 3.600 familias recibiron o Bono Concilia -1000 máis que o curso anterior- cun investimento de 4,3 millóns de euros.

O conseillero comparou estes datos coa situación de 2009 cando eran soamente 1192 familias as que recibían axuda da Xunta para escolas infantís, "hoxe multiplicamos por tres esa cifra e destinamos tres millóns de euros máis que entón a facilitar a través dunha achega económica o acceso a unha praza de 0 a 3 anos", apuntou.

Por último, Rey Varela lembrou que a Xunta tamén está a estender os recursos de conciliación a contornas empresariais e rurais, financiando a creación de escolas infantís en polígonos e zonas industriais e de Casas niño nas localidades de menos de 5.000 habitantes. "Traballamos para que no ano 2020 non haxa ningún concello galego sen, como mínimo, un recurso de conciliación", concluíu

PROGRAMA DE APOIO Á NATALIDADE
En Galicia a vida nunca foi tan grande

Neste intre o mundo cambia as súas regras. As noites pasan a ter tres horas, o mundo dúas rúas, o pozoquillo é a nova medida... Todo se mide en dedillos, gólitias, culleradias. Neste momento o mundo false máis pequeno, pero a axuda nunca foi tan grande.

A Tarxeta Benvida da Xunta cobre os gastos fundamentais durante o primeiro ano de vida do teu fillo ou filla.

Unha pequena gran axuda para comezar, un gran apoio para medrar

▶ **QUE É A TARXETA BENVIDA?**
▶ **QUE PODO MERCAR E ONDE?**
▶ **CÓMO SOLICITO A TARXETA BENVIDA?**

A Xunta prepara unha nova convocatoria de axudas para a posta en marcha de 15 novas casas niño nos concellos rurais

- O Goberno galego prepara unha nova convocatoria de axudas, a terceira, que sumada ás dúas anteriores de 2016 e 2017, permitirá contar con 61 Casas Niño noutros tantos municipios galegos de menos de 5000 habitantes.**

Castroverde (Lugo), 07 de maio de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, acompañado do delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro Orol, visitou en Castroverde a Casa Niño 'Bercos dos bicos', a segunda que se pon en funcionamento neste municipio lucense. Este recurso de conciliación presta servizo de maneira gratuita ás familias de 5 nenos e nenas.

En declaracións aos medios de comunicación, o conselleiro insistiu na importancia que teñen estes servizos sociais tanto para o

coidado dos nenos e nenas de 0 a 3 anos que viven en contornos rurais como para facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e social dos pais e nais.

Neste sentido, apuntou que o Goberno galego seguirá estendendo as casas niño para crear unha rede máis ampla de recursos de conciliación no rural, avanzando que no primeiro semestre deste ano sairá adiante unha nova convocatoria de axudas, a terceira, para outorgar outras 15 subvencións para o desenvolvemento doutros tantos proxectos. No seu conxunto, entre as dúas

primeiras convocatorias de 2016 e 2017 e a nova orde de axudas que sairá nos vindeiros meses, a Xunta investirá 6,1 millóns de euros para facer posible a entrada en servizo de 61 Casas Niño.

Rey Varela sinalou que a posta en marcha desta iniciativa piloto na comunidade "é unha mostra da inequívoca aposta da Xunta de Galicia porque nos municipios rurais existen os mesmos recursos que nas cidades", nomeadamente no ámbito da familia e a infancia. Así mesmo, apuntou que "tamén constitúe un apoio aos emprendedores en localidades de carácter rural que con proxectos como este dan resposta a unha demanda como é o coidado dos máis pequenos e ás necesidades de conciliación".

Por último, o titular da carteira autonómica de Política Social reiterou que "seguiremos apostando por este servizo porque investir no benestar das familias e dos nenos é facelo no presente e futuro de Galicia", ao tempo que engadiu que o impulso de novos recursos como as casas niño "responde ao compromiso de facer que Galicia sexa un mellor lugar para vivir, para formar unha familia e, sobre todo, para ser neno".

Sumando as convocatorias de 2016 e 2017 a provincia de Lugo conta con 13 casas niño, dúas delas no concello de Castroverde e o resto en Orol, Paradelá, A Pobra do Brollón, Riotorto, Begonte, Folgoso do Caurel, O Corgo, Láncara, As Nogais, Portomarín e Xermade.

A Xunta facilita a proximidade dos pais e nais aos seus fillos a través da construción de escolas infantís en polígonos industriais

- A Administración autonómica concederá por terceiro ano axudas para a creación de ata catro novas escolas infantís dun mínimo de tres unidades e 41 prazas cada unha delas en contornas empresariais da comunidade**

A Coruña, 15 de xuño de 2018.- A Xunta de Galicia está a informar aos e ás responsables de asociacións empresariais e entidades representantes de parques empresariais e polígonos industriais da Coruña da nova convocatoria de axudas para financiar a construción de escolas infantís nestas contornas publicada o pasado 5 de xuño no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Esta orde de axudas posibilitará o financiamento de catro novas escolas que sumarán como mínimo 164 novas prazas de atención a nenos e nenas de 0 a 3 anos. O obxectivo desta medida é seguir avanzando na responsabilidade da administración galega e o tecido empresarial no

desenvolvemento de medidas de conciliación.

Deste xeito, a Consellería de Política Social dá continuidade a unha medida que permite ás familias dispoñer dun lugar para a atención dos seus fillos e fillas preto do seu posto de traballo, o que contribúe a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes, así como a mellorar a calidade de vida e de traballo das persoas. Este é o terceiro ano que se realiza unha convocatoria de axudas para poñer en marcha escolas infantís en contornos empresariais. Ao abeiro das dúas convocatorias anteriores financiáronse tres escolas emprazadas no parque científico e tecnolóxico Río do Pozo (Narón), no polígono industrial da Tomada (A Pobra do

Caramiñal) e no polígono industrial de Mos, estando as dúas últimas en proceso de construción.

Esta nova convocatoria conta cun orzamento total de 800.000 euros distribuído en dúas anualidades, correspondendo 200.000 euros ao presente exercicio de 2018 e 600.000 euros ao vindeiro de 2019. Estes importes están financiados en parte polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Coa súa publicación no DOG, a Xunta abre durante un mes o prazo de presentación de solicitudes para acollerse a estas axudas.

Ao igual que nas anteriores edicións, ao abeiro desta orde,

poderán ser beneficiarias as asociacións empresariais ou entidades representantes dun parque empresarial ou polígono industrial que desenvolvan a súa actividade en Galicia e que dispoñan dunha parcela de terreo apta para o establecemento dunha escola infantil nun polígono, parque empresarial ou nas súas inmediacións. Así mesmo, deberán achegar un estudo que reflicta que existe un mínimo de 50 nenos e nenas menores de tres anos potenciais usuarios da escola e un plan de viabilidade que permita a posta en funcionamento e o mantemento do centro durante un mínimo de cinco anos.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180605/AnuncioG0425-280518-0001_gl.pdf



Diario Oficial
de Galicia

A Xunta destaca a importancia das familias numerosas para avanzar na revitalización da poboación

- ▶ O acordo dá continuidade ao programa Carné Familiar Galego, que facilita o acceso destas familias a distintos bens e servizos mediante descontos ou outro tipo de vantaxes nas máis de 1.100 entidades e empresas adscritas a esta iniciativa
- ▶ En Galicia hai expedidos actualmente 24.086 títulos de familia numerosa.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.- O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, insistiu en que un dos eixes centrais das políticas de familia da Xunta de Galicia "é dotalas dos servizos, recursos e medidas que precisan co obxectivo de apoiar o importante papel que desenvolven na sociedade, prestando especial atención ás familias numerosas, monoparentais e monomarentais, e aquelas que teñen baixo o seu coidado a persoas maiores e dependentes". Así o indicou durante a firma de renovación do convenio de colaboración coa Asociación Galega de Familias Numerosas (Agafan) que dá continuidade ao programa do carné familiar, nun acto que tivo lugar nas dependencias de San Caetano e ao que asistiu o presidente da entidade, Luís Sánchez González.

O conselleiro explicou que a través do carné familiar "facilítase o acceso a distintos bens e servizos mediante descontos ou outro tipo de vantaxes, ampliando deste xeito os beneficios que outorga o título de familia numerosa". De feito, trátase dun tarxeta gratuíta, persoal, intransferible e non financeira coa que os membros das familias numerosas que residen en Galicia obteñen importantes vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores con este programa.

Neste sentido, Agafan comprométese con este novo convenio a captar novas entidades dispostas a aplicar estes beneficios aos usuarios do carné familiar, manter actualizada e publicada

na páxina web da asociación a guía de entidades e realizar a labor de difusión de información do devandito carné. Pola súa banda, a Administración autonómica contribúe con 16.500 euros ao financiamento dos gastos derivados da xestión desta tarxeta. O programa carné familiar está en marcha dende o ano 2011 e na actualidade arredor de 1.160 entidades ofrecen un trato preferente ás persoas usuarias deste carné, do que Agafan ten expedido máis de 70.600 unidades.

En Galicia hai rexistradas a día de hoxe un total de 24.086 familias numerosas, un 25% máis das que había fai tres anos. Para todas elas, a Consellería de Política Social está a traballar nunha segunda estratexia de apoio que dará continuidade a actual, en marcha desde o ano 2013 e que supuxo o desenvolvemento de medio centenar de medidas, tales como: deducións fiscais, exención e bonificacións de taxas no ámbito educativo, preferencia na adxudicación de prazas e redución de tarifa a abonar nas escolas infantís, beneficios no acceso á vivenda ou redución nos prezos do transporte público, entre outras.

Neste sentido, Rey Varela concluíu que as familias numerosas "teñen unha especial importancia na revitalización da pirámide de poboación achegando moitos máis fillos que a media, un mínimo de tres por familia", lembrando que o desafío demográfico é unha cuestión prioritaria que implica de maneira transversal ao conxunto dos departamentos da Xunta de Galicia.



O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, asinou un novo convenio co presidente da Asociación Galega de Familias Numerosas, Luís Sánchez

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/estadisticas1>

Estadística de familias numerosas 2017

Operación estatística n.º 2102-01-OE05

<https://www.agafan.net/>

Asociación Galega de Familias Numerosas

Inicio TE INTERESA BENEFICIOS AGAFAN FAMILIAS NUMEROSAS NOTICIAS CONTACTO



A Xunta fomenta a mobilidade de mocidade a través do programa Galeuropa como vía para mellorar as súas competencias e empregabilidade

- ▶ No 2018, o programa conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros que permitirá que mozos e mozas poidan realizar prácticas formativas non retribuídas de entre dous e tres meses de duración en empresas e entidades de 27 países europeos
- ▶ Poderán participar os mozos e mozas inscritos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran coa condición de beneficiarios/as

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2018.- A Xunta de Galicia publica no Diario Oficial de Galicia a orde pola que se establecen as bases do Programa de mobilidade transnacional xuvenil Galeuropa dirixido ás persoas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil.

O programa, que conta cun orzamento de 2,5 millóns de euros, permitirá que mozos e mozas poidan realizar prácticas formativas non retribuídas de entre dous e tres meses de duración en empresas e entidades públicas ou privadas de 27 países europeos, como un elemento positivo que contribúe á mellora das competencias e habilidades dos mozos e mozas, incrementando as súas posibilidades de inserción laboral, ao tempo que dotará de recursos humanos de calidade ao tecido empresarial galego.

Con esta iniciativa, a Consellería de Política Social pretende promover a mobilidade da mocidade galega para que realice estadias de prácticas en entidades/empresas públicas ou privadas de países europeos, ben directamente concedendo axudas individuais aos mozos e mozas, ou ben mediante a concesión de axudas a proxectos de mobilidade de entidades sen ánimo de lucro con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude ou proxectos de

concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

Incluído no Programa operativo de emprego xuvenil cofinanciado pola Iniciativa de emprego xuvenil e o Fondo Social Europeo, a distribución orzamentaria é a seguinte: 844.571 euros para as axudas de mobilidade individuais de mozos e mozas; 1,1 millóns de euros para a concesión de proxectos presentados por entidades sen ánimo de lucro; e 500.000 euros para a concesión de proxectos presentados por concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios a que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

O prazo de solicitudes será dun mes desde o día seguinte á publicación da orde de axudas no Diario Oficial de Galicia.

Poderán participar neste programa de mobilidade os mozos e mozas inscritos no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran coa condición de beneficiarios/as. Para ser beneficiarios/as do Sistema nacional de garantía xuvenil deben cumprir os seguintes requisitos: non ter traballado no día natural anterior ao momento de recibir a actuación; non ter recibido accións educativas no

día natural anterior ao momento de recibir a actuación; e non ter recibido accións formativas no día natural anterior ao momento de recibir a actuación.

As prácticas formativas non retribuídas poderán realizarse en calquera empresa ou entidade pública ou privada dos 27 seguintes países: Lituania, Hungría, Letonia, Estonia, República Checa, Croacia, Eslovenia, Bulgaria, Romanía, Portugal, Eslovaquia, Malta, Grecia, Bélxica, Luxemburgo, Chipre, Alemaña, Austria, Países Baixos, Italia, Polonia, Francia, Suecia, Finlandia, Irlanda, Reino Unido e Dinamarca. O período de realización da práctica formativa rematará o 30 de novembro. A contía da axuda por mozo/a establécese en función do país de realización da práctica formativa e en función da duración da mesma; e inclúe unha axuda para os gastos de aloxamento e manutención, e axuda para apoio lingüístico (150 euros) para as mobilidades individuais. No caso de proxectos de mobilidade de concellos e entidades sen ánimo de lucro, o importe total da axuda inclúe para a entidade de envío unha axuda á organización da mobilidade (550 euros por

participante) e a súa execución, así como unha axuda á entidade de acollida. Está previsto un anticipo do 80 % do importe da axuda.

A finalidade do programa de mobilidade transnacional xuvenil é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

De conformidade co Plan de emprego xuvenil, a mobilidade, tanto nacional como europea, pode constituír un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer na aprendizaxe dun idioma estranxeiro. Desta maneira, a experiencia laboral no estranxeiro pode achegar un valor engadido á formación permanente dos mozos e á súa traxectoria profesional e proporcionarlle máis oportunidades de emprego

<http://xuventude.xunta.es/>



A Xunta defende o impulso de políticas de xuventude que aposten pola educación non formal, a participación, o emprego e a iniciativa emprendedora

- ▶ O responsable da área social do Goberno galego, que representou nesta xuntanza ao resto das comunidades autónomas, destacou a importancia dos programas e accións que dan prioridade á educación non formal para mellorar a empregabilidade da mocidade e facilitar a transición ao mercado laboral
- ▶ Rey Varela avogou por fomentar un papel activo da mocidade ante o reto demográfico e na construción dunha Europa “unida, harmoniosa e cohesionada”
- ▶ O conselleiro de Política Social presentou na sede da Fundación Galicia Europa o libro titulado ‘Educación non formal e empregabilidade na xuventude’, elaborado por un equipo de investigación da Universidade de Santiago de Compostela.



O conselleiro José Manuel Rey Varela, participou hoxe en Bruxelas no Consello da Unión Europea de Educación, Xuventude, Cultura e Deporte que reúne aos responsables nestes ámbitos dos Estados membros

Bruxelas, 22 de maio de 2018.- O conselleiro de Política Social, Jose Manuel Rey Varela, defendeu en Bruxelas a necesidade de seguir impulsando políticas públicas de xuventude que aposten pola educación non formal, a participación, o emprego e a iniciativa emprendedora. O responsable da área social do Goberno galego, en representación das comunidades autónomas, participou na xuntanza do Consello da Unión Europea de Educación, Xuventude, Cultura e Deporte, que reúne aos responsables ministeriais destes ámbitos de todos os Estados membros.

Na súa intervención, Rey Varela fixou o emprego como unha das prioridades chave das políticas xuvenís e defendeu a importancia da educación non formal para mellorar a empregabilidade deste colectivo e facilitar a transición desde a formación, a inactividade ou o desemprego ao mercado laboral. “A educación non formal é unha medida innovadora para mellorar as competencias e capacidades da xente nova e como complemento na súa traxectoria persoal e formativa”, apuntou.

Ademais, o conselleiro fixou como outro dos focos prioritarios en materia de xuventude o fomento de experiencias profesionais e persoais noutros países como elemento positivo que contribúe

á mellora en competencias e habilidades, incrementando as posibilidades de inserción laboral e dotando de recursos humanos de calidade ao tecido empresarial do país de orixe. Neste ámbito de actuación salientou a alta participación da comunidade galega en programas como Erasmus+, así como da iniciativa de mobilidade transnacional xuvenil da Xunta de Galicia denominado Galeuropa.

Así mesmo, o titular de Política Social avogou pola implicación da mocidade nas políticas que lle afectan mediante un diálogo estruturado e continuo entre responsables políticos, os mozos e mozas e as organizacións xuvenís, co obxectivo de artellar unha política de xuventude “máis eficaz, coordinada e consensuada, que define recursos e medidas efectivas e modernas para favorecer a creación de oportunidades para toda a xente nova”. Ao respecto, engadiu que o diálogo “é unha ferramenta que reforza o papel da mocidade como axentes activos na construción dunha Europa unida, harmoniosa e cohesionada”.

Por último, no marco deste encontro do Consello Europeo tamén se abordou o papel fundamental da xuventude ante o reto demográfico que ten o conxunto de Europa e fronte o que cómpre impulsar medidas que contribúan ao desenvolvemento

persoal deste colectivo en todos os ámbitos: o familiar, o social e o profesional.

Fundación Galicia Europa

Ademais de intervir na reunión do Consello Europeo de Xuventude, Rey Varela aproveitou a súa viaxe a Bruxelas para presentar na sede da Fundación Galicia Europa o libro ‘Educación non formal e empregabilidade da xuventude’, realizado polo equipo investigador do Grupo Escolca da Universidade de Santiago de Compostela a través dun convenio de colaboración coa actual Consellería de Política Social. Neste estudo o catedrático Miguel Santos Rego, a profesora Mar Lorenzo e a pedagoga Ana Vázquez Rodríguez constatan o éxito dos programas Galeuropa, Iniciativa Xove e Voluntariado xuvenil na mellora das competencias, habilidades e destrezas dos mozos e mozas participantes.

O conselleiro subliñou que en Galicia levouse a cabo unha renovación completa das políticas de xuventude nos últimos anos, pasando de accións baseadas fundamentalmente na xestión do ocio e o tempo libre ao desenvolvemento de programas e intervencións nos que prima a adquisición de novas competencias xuvenís a través da educación non formal.

Neste sentido, explicou que a participación xuvenil nestas accións inciden en aspectos que se relacionan coa empregabilidade como a motivación para buscar emprego dunha forma máis activa e a ampliación da rede de contactos, así como o desenvolvemento de actitudes como a responsabilidade, a comunicación, o sentido da iniciativa ou a autoconfianza.

Participación de Galicia no Consello de Xuventude

Esta é a terceira vez que a Comunidade Autónoma de Galicia coordina a participación autonómica na parte de xuventude do Consello da Unión Europea. Tras participar nas reunións técnicas dende xaneiro, coincidindo coa Presidencia búlgara da UE, o conselleiro puido intervir xunto co director xeral do Instituto Nacional de la Juventud (INJUVE), Javier Dorado, grazas a un documento de posición consensuado co resto de CCAA e co propio INJUVE. Ademais de examinar as prioridades futuras da política de xuventude da UE, os ministros adoptaron dous documentos con conclusións sobre o papel que desempeñan os mozos para facer fronte aos desafíos demográficos da UE e para construír unha sociedade equilibrada, cohesionada e segura.

A Xunta reúne con voluntarios europeos que están a desenvolver proxectos de inclusión e discapacidade en Vigo

- ▶ Os catro mozos e mozas, procedentes de Austria, Serbia, Romanía e Italia, están a colaborar coa Asociación Arela, Aspanex, Hogar e clínica San Rafael e co Centro Xuvenil Abertal
- ▶ A responsable autonómica mantivo este encontro na Residencia Xuvenil Altamar, instalacións dependentes da Administración autonómica e que xunto aos centros LUG (Lugo) e Florentino López Cuevillas (Ourense) ofertan 220 prazas a estudantes de entre 16 e 30 anos

Vigo, 13 de xuño de 2018.-

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez, reuniuse en Vigo con catro mozos e mozas procedentes de Austria, Serbia, Romanía e Italia que traballan en proxectos de voluntariado sobre prevención da exclusión social e discapacidade na Asociación Arela, Aspanex, no Hogar e clínica San Rafael e no Centro Xuvenil Abertal.

Estes voluntarios colaboran en dous dos 33 proxectos aprobados no 2017 en Galicia no marco do Servizo de Voluntario Europeo e o programa 'Erasmus+:

Xuventude en Acción', nos que participan 84 mozos e mozas e nos que se investiron 473.077 euros

Cecilia Vázquez interesouse polo seu labor, que executarán durante 10 e 11 meses, e sinalou a importancia que ten na creación da conciencia da cidadanía e identidade europea a mobilidade da mocidade para que coñezan outras realidades e culturas diferentes, "o que é non só unha gran experiencia persoal senón tamén toda unha aprendizaxe de vida e tamén profesional xa que os idiomas e a iniciativa persoal é cada vez máis valorada nos

procesos de empregabilidade", sostivo.

Os proxectos que estes catro voluntarios están a desenvolver son SVE colaboran contra a exclusión en Vigo, que conta cun orzamento de 23.277 euros e que ten como socios ao Centro Xuvenil Abertal, Asociatia culturala Pentur teatru si origami din Romania (Romanía), Akzente Salzburg (Austria) e Kharkiv association for active youth Stella (Ucraina), e Dando alas a la discapacidade en Vigo, cun financiamento de 15.610 euros e no que son socios o Centro xuvenil Abertal, o Center E8 office in Vranje (Serbia) e Associazione InCo Interculturalite&Comunicazione (Italia).

Residencias xuvenís

A responsable autonómica mantivo este encontro na Residencia Xuvenil Altamar, instalacións dependentes do seu

departamento e que xunto os centros LUG (Lugo) e Florentino López Cuevillas (Ourense) ofertan 220 prazas a estudantes de entre 16 e 30 anos de idade en réxime de internado. A oferta inclúe aloxamento, manutención e unha serie de servizos e actividades convencionais e educativas co fin de fomentar os valores culturais, sociais e deportivos entre a xuventude. Ademais, resérvanse un 9% das prazas para traballadores e outro 9% das prazas para vítimas da violencia de xénero ou para fillos e fillas cuxas proxenitoras a sufrisen.

Cecilia Vázquez lembrou que o prazo para presentar a solicitude de praza para estas residencias finaliza o 12 de xullo.

Os/as interesados/as poderán atopar toda a información na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

<http://www.voluntariadogalego.org/web/>

Mapa do portal | Accesibilidade | Contacto |



Telefono solidario
900 400 800



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Directorio	Novas	Axenda	Formación	A túa experiencia	Lexislación	Asesoramento	Mapa Web
Entidades	Faite voluntario	Plans e programas	Subvencións	Punto de encontro	Rexistro	Ligazóns	Contacto



Voluntariado Galego.org



Voluntariado Galego.org

Novas

(28-03-2016)



Publicase a orde de subvencións do Programa Voluntariado Xuvenil para entidades locais e de acción voluntaria que permitirá a execución de 160 proxectos de voluntariado en 2016 con 800 persoas implicadas

A principal novidade é que as persoas voluntarias que xa colaboraran en anteriores anos poderán repetir a súa participación nos proxectos que se leven a cabo neste ano e que se desenvolverán entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro

Desde o ano 2011 a Xunta de Galicia investiu neste programa máis dun millón e medio de euros, que permitiu que preto de 2.500 mozos voluntarios desenvolveran 132 proxectos de acción voluntaria de entidades e consellos

Axenda Voluntariado						
<< 26 Abr 2016 >>						
L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	

PETICIÓNS DE VOLUNTARIADO



Congreso Galego

Actualidade

Días internacionais

Estes son os principais días internacionais observados actualmente polas Nacións Unidas.

Xaneiro	das Vítimas da Escravitude e a Trata Transatlántica de Escravos	12 de xuño	15 de xullo
27 de xaneiro		- Día Mundial contra o Traballo Infantil	- Día Mundial das Habilidades da Xuventude
- Día Internacional de Conmemoración Anual en Memoria das Vítimas do Holocausto	Abril	13 de xuño	18 de xullo
	2 de abril	- Día Internacional de Sensibilización sobre o Albinismo	- Día Internacional de Nelson Mandela
Febreiro	- Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo		30 de xullo
6 de febreiro	6 de abril	14 de xuño	- Día Internacional da Amizade
- Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina	- Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz	- Día Mundial do Doador de Sangue	- Día Mundial contra a Trata
11 de febreiro	7 de abril	15 de xuño	Agosto
- Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia	- Día Mundial da Saúde	- Día Mundial de Toma de Conciencia de Abuso e Maltrato na Vellez	12 de agosto
20 de febreiro	28 de abril	19 de xuño	- Día Internacional da Xuventude
- Día Mundial da Xustiza Social	- Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo	- Día Internacional para a Eliminación da Violencia Sexual nos Conflitos	19 de agosto
Marzo	29 de abril	20 de xuño	- Día Mundial da Asistencia Humanitaria
1º de marzo	- Día de Conmemoración de todas as vítimas da guerra química	- Día Mundial dos Refuxiados	23 de agosto
- Día da Cero Discriminación (ONUSIDA)	Maiο	23 de xuño	- Día Internacional do Recordo da Trata de Escravos e da súa Abolición
8 de marzo	15 de maio	- Día Internacional das Viúvas	30 de agosto
- Día Internacional da Muller	- Día Internacional da Familia	25 de xuño	- Día Internacional das Vítimas de Desaparicións Forzadas
20 de marzo	21 de maio	- Día da Xente do Mar	Setembro
- Día Internacional da Felicidade	- Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento	26 de xuño	5 de setembro
21 de marzo	29 de maio	- Día Internacional en Apoio das Vítimas da Tortura	- Día Internacional da Beneficencia
- Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial	- Día Internacional do Persoal de Paz das Nacións Unidas	- Día Internacional da Loita contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas	8 de setembro
- Día Mundial da Síndrome de Down	Xuño	Xullo	- Día Internacional da Alfabetización
24 de marzo	1º de xuño	2 de xullo (primeiro sábado de xullo)	10 de setembro
- Día Internacional do Dereito á Verdade en Relación con Violacións Graves dos Dereitos Humanos e da Dignidade das Vítimas	- Día Mundial das Nais e os Pais	- Día Internacional das Cooperativas	- Día Mundial para a Prevención do Suicidio
25 de marzo	4 de xuño	11 de xullo	15 de setembro
- Día Internacional do Recordo	- Día internacional dos Nenos Vítimas Inocentes de Agresión	- Día Mundial da Poboación	- Día Internacional da Democracia

21 de setembro	- Día Universal do Neno
- Día Internacional da Paz	25 de novembro
Outubro	- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller
1º de outubro	29 de novembro
- Día Internacional das Persoas de Idade	- Día Internacional de Solidariedade co Pobo Palestino
2 de outubro	
- Día Internacional da non Violencia	Decembro
10 de outubro	1º de decembro
- Día Mundial da Saúde Mental	- Día Mundial da Loita contra a Sida
11 de outubro	2 de decembro
- Día Internacional da Nena	- Día Internacional para a Abolição da Escravitude
15 de outubro	3 de decembro
- Día Internacional das Mulleres Rurais	- Día Internacional das Persoas con Discapacidade
16 de outubro	5 de decembro
- Día Mundial da Alimentación	- Día Internacional dos Voluntarios
17 de outubro	9 de decembro
- Día Internacional para a Erradicación da Pobreza	- Día Internacional para a Conmemoración e Dignificación das Vítimas do Crime de Xenocidio e para a Prevención dese Crime
24 de outubro	9 de decembro
- Día das Nacións Unidas	- Día Internacional contra a Corrupción
24 de outubro	10 de decembro
- Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento	- Día dos Dereitos Humanos
Novembro	18 de decembro
10 de novembro	- Día Internacional do Migrante
- Día Mundial da Ciencia para a Paz e o Desenvolvemento	20 de decembro
16 de novembro	- Día Internacional da Solidariedade Humana
- Día Internacional para a Tolerancia	
20 de novembro	

<http://www.un.org/es/events/populationday/>



Día Mundial de la Población

11 de xullo

<http://www.un.org/es/events/youthskillsday/index.shtml>



Día Mundial de las Habilidades de la Juventud

15 de xullo

<http://www.un.org/es/events/friendshipday/>



Día Internacional de la Amistad

30 de xullo

<http://www.un.org/es/events/humantrafficking/>



Día Mundial contra la Trata

30 de xullo

<http://www.un.org/es/events/youthday/>



Día Internacional de la Juventud

12 de agosto

<http://www.un.org/es/events/humanitarianday/>



Día Mundial de la Asistencia Humanitaria

19 de agosto

Estatísticas

Risco de pobreza e/ou exclusión social (estratexia Europa 2020). Indicador AROPE

Europa 2020 é a estratexia de crecemento da UE para a próxima década aprobada polo Consello Europeo o 17 de xuño de 2010. Nun mundo en transformación, trátase de conseguir que a UE posúa unha economía intelixente, sustentable e integradora. Estas tres prioridades que se reforan mutuamente contribuirán a que a UE e os seus estados membros xeren altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

A Unión estableceu para o ano 2020 cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía. En cada unha destas áreas, cada estado membro fixouse os seus propios obxectivos. A estratexia apóiase en medidas concretas tanto da Unión como dos estados membros.

No apartado de integración social o obxectivo nacional 2020 para España é conseguir que 1.400.000 persoas menos estean en risco de pobreza e/ou exclusión social.

O concepto de risco de pobreza e/ou exclusión social amplíase para considerar non só os termos monetarios (nivel de renda), senón utilizando un concepto multidimensional para definir a pobreza e/ou exclusión social incorpóranse os tres subindicadores seguintes:

- taxa de risco de pobreza despois de transferencias sociais
- carencia material severa de bens
- fogares que presentan moi baixa intensidade laboral

Ao grupo de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social segundo a Estratexia Europa 2020 denomínaselles ERPE (persoas En Risco de Pobreza e/ou Exclusión) ou as siglas en inglés AROPE (At Risk of Poverty and/or Exclusion).

- **Definicións**

Segundo a Estratexia Europa 2020 considéranse persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social á poboación que se atopa nalgunha das tres situacións que se definen a continuación. Persoas que viven con baixos ingresos (60% da mediana do ingreso equivalente ou por unidade de consumo), e/ou persoas que sofren privación material severa (4 dos 9 items definidos) e/ou persoas que viven en fogares cunha intensidade de emprego moi baixo (por baixo do 20%). No caso de estar incluídas en dous ou tres condicións, as persoas contabilízanse só unha vez.

- Persoas en risco de pobreza despois de transferencias sociais
- Persoas cuxos ingresos son inferiores ao 60% da renda mediana dispoñible equivalente (despois de transferencias sociais). Os ingresos corresponden ao ano anterior ao da enquisa.
- Carencia material severa

A carencia material severa é a proporción da poboación que vive en fogares que carecen polo menos de catro conceptos dos nove seguintes:

- 1) non ter atrasos no pagamento do aluguer, hipoteca, recibos relacionados coa vivenda ou compras a prazos
- 2) manter a vivenda cunha temperatura adecuada durante os meses fríos
- 3) facer fronte a gastos imprevistos

Risco de pobreza ou exclusión social e dos seus compoñentes por comunidades autónomas 2017

	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE)	En risco de pobreza (renda ano anterior á entrevista)	Con carencia material severa	Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos)
Andalucía	37,3	31	5,2	21,9
Aragón	15,8	13,3	0,5	5,9
Principado de Asturias	17,2	12,6	3,5	11,5
Illas Baleares	24,7	21,3	6,9	3,7
Canarias	40,2	30,5	13,6	19,2
Cantabria	20,5	17,6	2,2	9,3
Castela e León	18,4	15,4	1	9,2
Castela – A Mancha	33,9	28,1	4,4	12,8
Cataluña	19,4	15	5	8,8
Comunidade Valenciana	31,3	25,6	7,4	13,6
Estremadura	44,3	38,8	5,6	15,4
Galicia	22,6	18,7	2,4	12
Comunidade de Madrid	20,6	16,9	5,4	9,2
Rexión de Murcia	34,7	30,1	6,2	12,6
Comunidade Foral de Navarra	13,5	8,3	0,3	8,2
País Vasco	14,5	9,7	3,7	7,7
A Ríoxa	14,4	9,7	2,9	5,4
Ceuta	35,8	32,5	3,8	30,6
Melilla	29,4	26,2	9,4	13,9
España	26,6	21,6	5,1	12,8

Fonte: INE


- 4) unha comida de carne, pito ou peixe cada dous días
- 5) ir de vacacións fóra de casa, polo menos unha semana ao ano
- 6) un coche
- 7) unha lavadora
- 8) unha televisión a cor
- 9) un teléfono

- Persoas que viven en fogares con moi baixa intensidade de traballo

Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares nos que os seus membros en idade de traballar o fixeron menos do 20% do seu potencial total de traballo no ano anterior ao da entrevista (período de referencia dos ingresos). Calcúlase o número de meses nos que os membros do fogar estiveron traballando durante o ano de referencia, e por outra banda o total de meses nos que teoricamente eses mesmos membros poderían traballar. Calcúlase o cociente e determínase se é inferior ao 20%.

A modo de exemplo deste indicador, nun fogar con dous adultos no que só traballa un adulto a xornada completa, a intensidade de traballo sería do 50%; se traballan os dous a xornada completa a intensidade sería do 100%; se un dos adultos traballa a media xornada e o outro a xornada completa, a intensidade de traballo sería do 75%.

Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (indicador AROPE)



Enquisa conxuntural a fogares. IGE

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia


No segundo trimestre de 2018 o 54,61% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 35,63% con dificultade e o 9,77% restante con moita dificultade.

Con respecto ao trimestre anterior, prodúcese un incremento de 7,33 puntos na porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes. Pola contra, diminúe a porcentaxe de fogares que chega con dificultade ao último día do mes (6,23 puntos de diminución respecto ao trimestre anterior) e a de fogares que chega con moita dificultade a fin de mes (-1,1 puntos).

Con respecto ao segundo trimestre do ano 2017, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes aumenta lixeiramente (0,09 puntos). A porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes aumentou 0,27 puntos entre ambos períodos e a porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade, pola contra, diminuíu 0,34 puntos.

Evolución dos fogares (porcentaxe) segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia

	Con facilidade ou moita facilidade	Con dificultade	Con moita dificultade
2014/I	39,75	47,08	13,17
2014/II	40,6	52,11	7,29
2014/III	41,82	46,24	11,94
2014/IV	41,1	50,31	8,59
2015/I	41,64	45,17	13,2
2015/II	38,9	53,62	7,48
2015/III	41	49,81	9,19
2015/IV	42,91	48,25	8,84
2016/I	45,7	47,34	6,96
2016/II	44,37	46,11	9,52
2016/III	43,43	44,35	12,21
2016/IV	46,94	43,19	9,87
2017/I	48,12	41,77	10,11
2017/II	54,52	35,36	10,11
2017/III	48,33	42,13	9,54
2017/IV	47,64	45,38	6,98
2018/I	47,28	41,86	10,87
2018/II	54,61	35,63	9,77



Alertas bibliográficas

Publicacións periódicas

• **Áreas. Revista Internacional de Ciencias Sociales**

<http://revistas.um.es/areas/index>

ISSN electrónico: 1989-6190 - ISSN impreso: 0211-6707

Inicio: nº 1- (1981-). Periodicidade anual

Edita: Universidade de Murcia

O seu obxectivo é a edición de números monográficos de interese sobre a temática pluridisciplinar que caracteriza o seu proxecto editorial. O Consello Editorial decide o contido de cada número en función das propostas, tanto propias como alleas, que se presentan. Un coordinador encárgase de solicitar artigos inéditos a especialistas da materia e de realizar un primeiro filtro da calidade dos textos que se entreguen. Ademais diso, cada un dos traballos debe de pasar por unha dobre avaliación externa anónima realizada por asesores cualificados e polo visto e prace do consello de redacción.

Último nº publicado: núm. 36 (2017): Estado del bienestar, trabajo y procesos de exclusión social / Coordinado por Manuel Hernández Pedreño y María Isabel Sánchez-Mora Molina

<http://revistas.um.es/areas/issue/view/16101/showToc>

Contidos:

- El capital ficticio especulativo-parasitario se pone al mando del capitalismo. El recrudescimiento de la desigualdad, la explotación, el desempleo, la precariedad, la pobreza, el despotismo y la desposesión / Andres Piqueras. p. 11-23
- Neoliberalismo como cultura: neosujeto, empresa y Estado desigualitarista / Luis Belaustegi, p. 25-38
- El bienestar en el tobogán. El desarrollo socioeconómico en dos regiones del estado de Puebla, México: Mixteca y Atlixco-Matamoros / Saúl Macías Gamboa, Isabel Angoa Pérez, Erika Morales Robles
- Modelos sociales en Europa: ¿convergencia o divergencia tras la crisis? / Manuel Hernández Pedreño, Olga García Luque, p. 55-71
- Ciudadanía y Estado de Bienestar: reconfiguración de las políticas socio-laborales / M^o Isabel Sánchez-Mora Molina, M^o Belén García-Palma, p. 73-85
- Trabajo y flexibilidad laboral en un escenario de crisis económica: situación en el caso español / Salvador Manzanera-Román, Pilar Ortiz García, Ángel J. Olaz Capitán, p. 87-95
- Sindicatos y Estado de Bienestar / Juan José García Escribano, Ana Millán Jiménez, p. 97-111
- La garantía juvenil como solución a la exclusión social de los jóvenes / Francisco A. González Díaz, Alicia Rubio Bañón, p. 113-125
- La subjetivación del capital humano: la movilidad como inversión en los discursos de los jóvenes universitarios que han protagonizado la fuga de cerebros / Antonio Santos Ortega, David Muñoz-Rodríguez, p. 127-139

- Políticas inclusivas en barrios urbanos vulnerables / Manuel Garrido Fuego, Germán Jaraíz Arroyo, p. 141-151
- Políticas y medidas contra la pobreza energética ¿a quién le corresponde? / Esther Raya Díez, Melchor Gómez Pérez, p. 153-165
- La exclusión social, una problemática estructural entre las personas con discapacidad / Sagarrio Anaut Bravo, Javier Arza Porras, M^a Jesús Álvarez Urricelqu, p. 167-181
- La exclusión social y sus determinantes relacionados con la salud y la discapacidad / Angel Belzunegui Eraso, Xavier Puig Andreu, p. 183-196

Reseñas

- Adela Cortina Orts, Aporofobia, el rechazo al pobre. Un desafío para la democracia, Barcelona, Paidós, 2017, ISBN: 978-84-493-3338-5, 200 pp. / Joaquín Guerrero Muñoz, p. 199-200
- Gérard Chastagnaret, De fumées et de sang. Pollution minière et massacre de masse. Andalousie – XIXe siècle, Casa de Velázquez, Madrid, 2017, ISBN 978-84-9096-090-5, 423 pp. / Juan Diego Pérez Cebada, p. 201-203

• **Cuadernos de Trabajo Social**

<https://revistas.ucm.es/index.php/CUTS/about/editorialPolicies#focusAndScope>

ISSN: 0214-0314. ISSN-e: 1988-8295

Inicio: nº 0- (1987-). Periodicidade semestral

Edita: Edicións Complutense, Facultade de Traballo Social da Universidade Complutense de Madrid

Cadernos de Trabajo Social responde á procura do intercambio de coñecemento científico e fomenta os procesos de elaboración teórica a partir das prácticas dos profesionais do Traballo Social. Sostén a independencia de criterio e a función crítica, así como a unidade entre as culturas científica e humanista. Conxuga o traballo intelectual rigoroso co pensar como construír transformacións sociais por medio da intervención social. Xera redes e conecta mundos (profesional, académico, activista, etc.). Dirixese aos especialistas e aos actores implicados na intervención social. As súas publicacións abarcan cuestións relacionadas con Traballo Social, Servizos Sociais, Política Social e Intervención Social cun tratamento multidisciplinar. Os traballos que publica son de diversos tipos: artigos de investigación empírica, revisión de literatura, artigo teórico e recensións críticas de textos.

Último nº publicado: Año 2017, Vol. 30, Número 2. Monográfico: Movilidad humana. Realidades y retos para el Trabajo Social

<https://revistas.ucm.es/index.php/CUTS/issue/current>

- Editorial: El escorpión y la rana. La sutil gestación de un nuevo modelo hegemónico para los Servicios Sociales / Luis José Nogues Sáez, Pedro José Cabrera Cabrera, p. 237-241

• **Monográfico. Hacia un nuevo Trabajo Social crítico: el gobierno de lo social en la era neoliberal**

Alertas bibliográficas

- Hacia un nuevo Trabajo Social crítico: el gobierno de lo social en la era neoliberal. Presentación del monográfico / Sergio García García, César Rendueles Menéndez de Llano, p. 243-260
- De l'invention du social à la ville assiégée. Entretien avec Jacques Donzelot / César Rendueles Menéndez de Llano, Sergio García García, p. 261-284
- Reorganización del gobierno mediante la sociedad civil. El papel de los actores privados en las políticas de prevención de la violencia / Alejandro Agudo Sanchíz, p. 285-299
- El dominio narrativo. Notas para un análisis crítico de la codificación institucional de los pobres / Daniel Parajuá Navarrete, p. 301-313
- Efectos desintegradores de las políticas de integración: la Renta de Inclusión Social en Navarra / Rubén Lasheras Ruiz, Edurne Jabat Torres, Madalena d'Oliveira Martins, Ignacio Sánchez de la Yncera, p. 315-327
- Génesis de la Renta Mínima de Inserción en Cataluña. Actores, trayectorias, posiciones y recursos / Joan Cortinas Muñoz, p. 329-342
- El Trabajo Social en Inglaterra: ¿el principio y el fin de una profesión para la justicia social? / Inés Martínez Herrero, p. 343-355
- Vigilar y corregir: el Trabajo Social en las obras de Michael Foucault y Jacques Donzelot / Lorenzo García Martín, p. 357-367
- "Precariado" y control social: asistencialismo y exclusión en el ámbito de la salud mental / Manuel Desviat, p. 369-376
- El Trabajo Social como opción de lucha contra la desigualdad, el empobrecimiento y la exclusión social: trayectorias y estrategias de la coordinación Baladre / Enrique García Escamilla, David Muñoz Rodríguez, Manuel Sáez Bayona, p. 377-388
- Invisibles de Tetuán (Madrid). Hacia una práctica subversiva de apoyo mutuo en contextos de exclusión / Ivonne Herrera Pineda, Carlos Pereda, p. 389-402
- Miscelánea
- La atención a la discapacidad en los recursos de acogimiento residencial / Rubén González Rodríguez, María Cristina Gallego Fernández, p. 403-415
- Actitudes frente a la diversidad sexual entre los estudiantes de Trabajo Social mexicanos: el contexto regiomontano / Luis-Manuel Rodríguez Otero, p. 417-433
- Gobernando las mentes: sobre las dimensiones subjetivas de la precarización laboral / Beatriz Casas González, p. 435-449
- Análisis de la calidad de vida de las personas con discapacidad intelectual: un estudio comparativo entre gitanos y no gitanos / María Teresa del Álamo Martín, María Ruiz Sanz, p. 451-461
- Bolsas para estudiantes universitarios: quadros conceituais, finalidades e processos decisórios para o Serviço Social / Jorge M.L Ferreira, Cláudia-Priscila Santos, p. 463-475
- Resiliencia en adolescentes expuestos a condiciones vitales de riesgo / Ana Isabel Corchado Castillo, María José Díaz-Aguado Jalón, María del Rosario Martínez Arias

• Revista Derecho Social y Empresa

<https://www.dykinson.com/revistas/revista-derecho-social-y-empresa/>

ISSN-e: 2341-135X - Inicio: 2014- . Periodicidade semestral

Edita: Dykinson (<http://www.dykinson.com>)

Dentro do campo das ciencias sociais, con enfoque internacional, de dereito comparado e interdisciplinar, a Revista Derecho Social y Empresa, é unha publicación científico técnica, no ámbito xurídico laboral e da Seguridade Social, cuxo obxectivo é dar a coñecer a nivel internacional os debates sobre a regulación e a organización do traballo na empresa e na sociedade, os sistemas de relacións industriais e as políticas de emprego.

A Revista Derecho Social e Empresa ten dous números ao ano, ambos inclúen artigos académicos (Estudos), así como un barómetro do mercado de traballo en España. O primeiro número de cada ano ten un contido monográfico e versará sobre un tema predefinido polo Comité Editorial.

A revista conta cun Comité Científico e un Comité Editorial, que reúnen a prestixiosos xuristas, académicos e profesionais, principalmente da contorna europea (España, Francia, Italia e Alemaña) e tamén dos Estados Unidos de América.

Último nº publicado: nº 8 (2017). Exemplar dedicado a: sistemas europeos de protección social de la dependencia

<https://www.dykinson.com/revistas/revista-derecho-social-y-empresa/908/>

- Presentación / María Luisa Molero Marañón, p. 13-17
- Atención a la dependencia en la UE: Modelos, tendencias y retos / Joseba Zalakain, p. 19-39
- El sistema de protección social de las personas dependientes en Alemania / Jesús Martínez Girón, p. 40-64
- El sistema de protección social de las personas dependientes en Francia / Philippe Martin, María Luisa Molero Marañón, p. 65-89
- Eldercare in Sweden: An overview / Elin Peterson, p. 90-108
- La atención a la dependencia en el modelo de bienestar liberal: Casos de Irlanda y Reino Unido / Sonia de Paz Cobo, p. 109-120
- Claves de la protección social de la dependencia en Italia: Discapacidad y edad avanzada de la persona no autosuficiente / María del Mar Heras Hernández, p.
- La protección social de las personas dependientes en Portugal / Mário Silveiro de Barros, p. 142-150

• Trabajo Social Hoy

<http://www.trabajosocialhoy.com/>

ISSN: 1134-0991. ISSN-e 2340-2539 - Inicio: 1993- (Versión dixital desde 2014). Periodicidade: Trimestral

Edita: Colegio Oficial de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales de Madrid (<http://www.comtrabajosocial.co...>)

Revista editada cunha licencia de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional

Alertas

Alertas bibliográficas

Revista profesional, que ten como principal finalidade a difusión de estudos científicos e experiencias profesionais relacionados co Traballo Social. A divulgación dos seus contidos está enfocada cara unha rede de conexión internacional que permita suscitar debates plurais e o intercambio de experiencias e información relacionada coa profesión.

Último nº. Publicado: n. 82 (3º cuatrimestre, setembro 2017):

<http://www.trabajosocialhoy.com/revista/24/numero-82/revista-tsh-82>

- Presentación / Ponce de León Romero, Laura
- Aplicación del modelo de atención centrada en la persona en un servicio de atención domiciliaria. Estudio exploratorio / Díaz-Parreño Iniesta, M^o del Mar; Gascón Fuentes, Marta

<http://dx.doi.org/10.12960/TSH.2017.0013>

- Espacios de convivencia y experiencia intergeneracional / Delgado Acosta, Carmen Rosa; Calero Martín, Carmen.

<http://dx.doi.org/10.12960/TSH.2017.0014>

Interés profesional

- Adolescentes infractoras: La perspectiva de género en los procesos de socialización y judicialización de las adolescentes en conflicto con la Ley / Reina Giménez, Eva.

<http://dx.doi.org/10.12960/TSH.2017.0015>

- Variaciones en las modalidades de consumo intensivo de drogas en Buenos Aires: Un acercamiento desde las perspectivas de los involucrados en los tratamientos de Salud / Candil, Ana Laura.

<http://dx.doi.org/10.12960/TSH.2017.0016>

- El tiempo de la (in)definición en las políticas de vivienda: De "tópicos del infortunio" a "saberes expertos" / Olejarczyk, Romina.

<http://dx.doi.org/10.12960/TSH.2017.0017>

Intervención profesional

- Hacia la inclusión digital: Una mirada a la rehabilitación psicosocial de personas con trastornos mental / Manchado Flores, Miguel Ángel.

<http://dx.doi.org/10.12960/TSH.2017.0018>

Reseñas

- La Convención Internacional sobre los derechos de las personas con discapacidad 2006/2016. Una década de vigencia / Castro Clemente, Concepción

Información Profesional

- Día Mundial del Trabajo Social 2017. V Premios Estatales del Trabajo Social del Consejo General del Trabajo Social / Ureña Campaña, Mar
- Celebración del Día Mundial del Trabajo Social del Colegio Oficial de Trabajo Social de Madrid / Ureña Campaña, Mar

ISSN: 1134-7147, doi: 10.5569/1134-7147. DL: SS 101-1986 - Inicio: nº 0- (1987-). Periodicidad cuatrimestral

Edita: Servicio Central de Publicaciones del Gobierno Vasco

Licenza: Licencia Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0).

Zerbitzuan é unha revista especializada na análise dos servizos e as políticas de benestar social e promovida pola Viceconsellería de Asuntos Sociais do Goberno Vasco. O SIIIS Centro de Documentación e Estudos da Fundación Eguía Careaga elabora a revista e edítase a través do Servizo Central de Publicacións do Goberno Vasco.

Zerbitzuan comezou a editarse en 1986, con vocación de converterse nunha plataforma de debate para profesionais, membros de asociacións e colectivos de usuarios de servizos sociais. Ao longo de quince anos, entre 1986 e 2001, publicáronse 39 números máis da revista. Durante eses anos, os anos de consolidación do sistema vasco de servizos sociais, Zerbitzuan configurouse como un dos principais foros de debate e información sobre servizos sociais en Euskadi, e como unha das escasas revistas especializadas na materia dispoñibles en todo o Estado español.

Tras unha paréntese de cinco anos -a revista deixou de publicarse en 2001-, Zerbitzuan volve publicarse a partir do mes de decembro de 2006, cun deseño actualizado, un consello de redacción renovado pero cos mesmos principios e obxectivos que na súa etapa anterior: ofrecer aos profesionais, aos usuarios e ás persoas con capacidade de decisión en materia de servizos sociais unha ferramenta para o coñecemento e a análise en profundidade das moi diversas materias que dunha maneira ou outra inciden sobre os servizos e as políticas sociais que se desenvolven na CAPV. Por encima de divisións temáticas ou competenciais estritas, a revista está por tanto aberta ao maior abanico posible de temas, metodoloxías e enfoques, sempre dentro do amplo campo dos servizos sociais e as políticas para o benestar e a cohesión social. Desde ese punto de vista, teñen nela perfecta cabida artigos sobre a atención ás persoas maiores, ás persoas con discapacidade ou aos menores, sobre cuestións relacionadas coa inmigración ou as drogodependencias, sobre a organización e a planificación dos servizos, sobre a participación social na definición das políticas sociais ou sobre a súa abordaxe competencial e normativa.

